

Libro das alquimias ·

Xesús Constela ·

Galaxia, 2007 ·

188 páx · 9,50 euros



LIBRO DAS ALQUIMIAS é un libro de libros, unha intensa novela ateigada de referentes artísticos e históricos que se presentan sen recorrer á cita ou á mención dunha bibliografía precisa, senón inseridos nun denso discurso, o cal fai sospeitar que Xesús Constela gozou co proceso da escrita desta emocionada homenaxe ao libro –habilmente alicerzada nas suxestións que esperta a filosofía da alquimia–. A pesar da abundante presenza deses referentes, nomeadamente os históricos, cremos que un lector esixente non caerá no desazo se consegue introducirse na trama coa mesma fascinación que atrapa o protagonista.

A través dos monólogos dese enigmático ancián, débúllase aos poucos a historia do libro e das bibliotecas, e mesmo do desenvolvemento do saber, desde a orixe dos tempos. A novela acaba sendo, ao fin e ao cabo, unha proposta de interpretación da historia da humanidade a partir da súa relación coa aceptación ou destrución das ideas e do coñecemento, fielmente exemplificada no acontecido en Alexandría ou no tratamento do labor erudito de Hypatia.

A novela adquire intensidade nos capítulos finais, pois neles descóbrese a intención que guiou os pasos da voz narradora, afianzando así a dimensión iniciática da experiencia vivida nunha infancia na que reinaba a inxenuidade, a curiosidade e un xogo, o mecano, que facilitaba a construción de mundos posibles. As dimensións do legado secreto recibido polo rapaz só chegan a adquirir plena entidade cando é el o que sofre en carne propia a dor e a condena á soidade, do mesmo xeito que o vello errante sufría a tristura e a amargura de cada vez que principiaba os seus relatos. O desacougante final abre portas á interpretación das consecuencias que se derivarán de nos facer partícipes do segredo da alquimia dos libros, un segredo gardado durante toda unha vida e custodiado no pasado por Artur Rimbaud e por Edvard Munch, cuxo cadro, “O grito”, é obxecto dunha interesante lectura ao servizo dos intereses da trama. // **I. S.**